



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA LEVAR A CABO A EXPOSICIÓN "JOSÉ RODRIGUEZ, O MATEMÁTICO DE BERMÉS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Real Academia Galega de Ciencias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de maio de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Real Academia Galega de Ciencias para levar a cabo a exposición "José Rodríguez, o matemático do Bermés".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades por canto o matemático José Rodríguez González é o científico homenaxeado no Día da Ciencia en Galicia 2024, unha celebración promovida pola RAGC para reivindicar o valor da investigación a través das súas figuras máis destacadas e a RAGC é a entidade que dispón dos fondos materiais e documentais necesarios e ten entre os





seus obxectivos asesorar, entre outros, ao Goberno da Xunta de Galicia, en todo o que se refira a cuestións relacionadas co coñecemento científico e a súa promoción común e achegar á sociedade en xeral, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

Por todo o anterior é a Real Academia Galega das Ciencias a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

